



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA EN DATA 13 DE DECEMBRO DE 2012

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)

CONCELLEIROS /AS

D. MANUEL PAVÓN LÓPEZ (PP)
D^a MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)
D^a MARÍA TERESA LÓPEZ REGO (PP)
D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANÍN (PP)
D. JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PS de G-PSOE)
D^a ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS de G-PSOE)
D. ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PS de G-PSOE)
D^a ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PS de G-PSOE)
D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)
D^a ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)
D^a MARÍA DE LOS ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

INTERVENTOR

D. LUÍS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA

SECRETARIO

D. VICENTE PASTOR MARTÍNEZ

No salón de plenos do concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trece de decembro de dous mil doce, reúnese en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o Pleno deste concello, baixo a presidencia do señor alcalde titular don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados/as ao marxe, asiste o interventor, habilitado estatal, Luís Ramón Vázquez Parga, e actúa de secretario o habilitado estatal Vicente Pastor Martínez que da fe do acto.-

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (os trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho do asunto incorporado á orde do día, cursado xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

ÚNICO.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DECISIÓN DEFINITIVA INSTALACIÓN DA EDAR DE FOZ.-

Polo señor alcalde dáse conta da súa proposta, asinada en data 5 de decembro de 2012, cuxo contido é como sigue:

“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

É obxectivo prioritario por parte desta Alcaldía dar solución a uns dos maiores problemas que ten o concello de Foz actualmente, que é o deficiente servizo de depuración no núcleo urbano e barrios dos arredores.

Dende o ano 2008 xa se tiña constancia destas deficiencias provocadas principalmente pola falta de capacidade da actual EDAR de Foz, pola súa incorrecta instalación no interior do núcleo residencial máis poboado da localidade e dentro da zona de afección máis activa do concello.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Ademais, as filtracións de auga mariña influenciada pola suba das mareas que na preamar queda practicamente na mesma cota que os pozos de entrada da EDAR, e mesmo o sistema de depósitos reactores cerrados que prexudican o proceso, está a provocar unha situación de cheiros e vertidos á ría insostible para os veciños e para os intereses xerais do propio Concello.

Pero se non é suficientemente grave as molestias aos veciños e o prexuízo económico á hostalería, comercio local e sector turístico, que queda suficientemente claro no dictame da Mesa local do comercio, reunida especificamente para o caso, súmase o gravísimo problema ecolóxico e medio ambiental que provocan os vertidos á ría de Foz e a falla de emisario.

O entorno afectado por estes vertidos aínda fai máis urxente o apremo de dar unha solución urxente a dito problema.

Na ría de "Foz - Masma", dentro de rede Natura clasificada como humidal mariño e costeiro, declarado tamén zona LIC's como zona de especial protección de valores naturais, e como zona ZEPA de especial protección de aves, con varios bancos marisqueiros no seu interior e na que se instala a praia da Rapadoira cualificada coma unha das mellores praias de Galicia galardoadas 25 anos seguidos coa bandeira azul.

A gravidade da situación xa foi informada por varios entes, autonómicos, nacionais e Europeos que están instando á Corporación local a que colabore co ente promotor, Augas de Galicia, decídese a solucionar o problema cunha nova EDAR, unha vez o Concello resolva a nova instalación.

Xa no ano 2008 este ente elaborou un anteproxecto, que contemplaba unha nova EDAR no lugar de Forxán, mantendo a actual de Foz, o cal solucionaba unha parte do problema que era da súa capacidade, pero non así o das molestias, e vertidos na ría de Foz, e foi rexeitado pola Corporación.-

A nova proposición que fai o Actual Alcalde, co respaldo de Augas de Galicia, vai máis aló, suprimiría a EDAR de Foz, e con elo o punto de vertido na ría de Foz, deixando unicamente a instalación como bombeo e pozo de tormentas, e instalaría unha nova EDAR en Sarrido .

A decisión de facelo en Sarrido e non na outra opción viable, como podía ser Forxán parte desta Alcaldía, despois de que tras múltiples encontros cos voceiros dos grupos municipais, informes, preguntas aos técnicos; que chegaron incluso a persoarse en algunha das reunións, decidiuse que era responsabilidade única do Alcalde tomar esa decisión.

Facer mención tamén nesta exposición de motivos, a que dende a xunta de voceiros pediuse aos técnicos que valorasen unha alternativa máis, que era a posible ampliación da actual EDAR de Foz.

Dita opción que, aínda que era viable constructivamente a pesar de afectar a outras infraestructuras municipais como a nave de obras e os xardíns da piscina municipal, foi descartada polo Alcalde, porque ademais de estar penalizada pola súa gran afección ás persoas e á actividade empresarial e, unha vez que Portos de Galicia titular dos terreos, descartou dita posibilidade de ampliación, por ser incompatible cos novos usos previstos.

O grupo de Goberno propón a instalación de Sarrido por ser a máis illada e que menos afección ás persoas e ao sector económico e productivo xera, por ser a mellor puntuada neste senso polo informe técnico de Augas de Galicia no punto 4, pax. 64 cando conclúe que "la mejor alternativa es la Alternativa 4, que considera el funcionamiento



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

de una única alternativa en el lugar de Sarrido” e no punto 5 do Anexo na pax. 26 nun sentido parecido.

Por todo isto, propoño ao pleno da corporación que acade o seguinte:

ACORDO:

1º- Facultar e apoiar ao Alcalde a realizar as xestións necesarias coa Xunta de Galicia, mais concretamente co organismo autónomo AUGAS DE GALICIA, para iniciar o proceso de eliminación da EDAR do núcleo urbano de Foz, e con elo solucionar definitivamente o problema de cheiros e vertidos na ría.-

2º- Facultar e apoiar ao Alcalde para que inicie as xestións para a adquisición dos novos terreos en Sarrido, de acordo á instalación especificada no estudo de alternativas de AUGAS DE GALICIA.-

3º- Instar á Xunta de Galicia a que inicie o anteproxecto contemplando a instalación da EDAR en Sarrido correspondente á opción 4 do estudo de alternativas.-

Foz, a 5 de decembro de 2012.-

O Alcalde,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira”

O mesmo señor alcalde don **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)** defende a proposta e manifesta:

incide sobre o apercibimento medioambiental que recae sobre a actual EDAR con informes a nivel autonómico e de Europa, fai unha análise dos antecedentes do que o Pleno deixa sobre a mesa no ano 2009 a instalación dunha EDAR en Forxán, deu lectura ás análíticas de depuración desfavorables, manifesta que todos os grupos participan da opinión das molestias malos olores da actual depuradora, que afecta ao humidal mariño costeiro, afecta á praia da Rapadoira, entran 3.000 m3 cando esta capacitada para 1.800 m3, sinala que os pozos de entrada están a nivel da preamar da ría. Subliña o problema que se ten e para resolvelo se dan as opcións que xa se coñecen en canto a alternativas. Prexudica a moitos veciños, ao sector comercial de Foz, a unha zona de interese turístico importante, ao mercado semanal e á proximidade da piscina municipal climatizada.-

Explica, así mesmo, incidindo na proposta de Forxán proposta elevada a debate nas comisións informativas e dentro das posibles ubicacións houbo que buscar unha, a mais illada, entendendo o grupo de goberno municipal que a mellor solución viable e a de menor impacto e a de Sarrido.-

Relatou as sesións celebradas pola Xunta de Voceiros, coa asistencia de técnicos e diversos informes asinados polos responsables que constan no expediente. E nas conclusións da sesións da xunta de voceiros se manifesta que é un problema do alcalde, somos realistas e aceptamos que é a única solución viable, tomando o relevo do PSOE e facémonos responsables, así foi ditaminado.-

No argumentario di o señor alcalde que, é a primeira vez que se plantexa, non só para o núcleo de Foz, senón para todos os veciños das parroquias a diferenza da proposta de Forxán que traía o PSOE xa que contemplaba deixar en funcionamento a actual EDAR de Foz.-

Informa aos asistentes que hai un compromiso de AUGAS DE GALICIA de sacalo o ano próximo, nolo pide tamén a Mesa Local de Comercio na sesión celebrada o 08/11/2012, e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

é a nosa responsabilidade. Por iso pedimos aos grupos políticos a que non obstaculicen o desenvolvemento da proposta, non se pode bloquear este tema tan transcendental.-

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE)** intervén dicindo que o primeiro é deixar claro que nunca fariamos o que está a facer o señor alcalde isto é, converter este tema nunha unha guerra entre os veciños. A motivación da proposición leva incongruencias e con algunha que outra mentira, non sabemos se é ero de transcripción ou intencionadamente. A proposición leva tres puntos de acordo e non sabemos se votaranse xuntos ou separados.-

È certo como pon na súa exposición de motivos que é un problema, pero entendemos que o problema principal deben ser outros os máis importantes, como por exemplo o emprego no municipio de Foz, para iso, para o emprego é para o que se necesitaba levar ao pleno e non ca urxencia que trae esta proposta da depuradora hoxe.-.-

A proposta do grupo socialista no anterior mandato (ano 2008) mantiña a depuradora de Foz, só mentres se construía a de Forxán. Iso é unha pequena mentira que argumenta vostede para xustificar a súa proposta.-

Non estudia o tema, non fai o traballo que debe facer e lle vota a culpa aos partidos da oposición, igual que os rapaces que non estudian e aparecen con malas notas na casa.-.

Non estamos de acordo coa opción de Sarrido, xa que prexudica moito a eses veciños e cremos que incluso pode haber algunha ilegalidade nese sentido, ademais de ser unha parroquia que xa ten outra depuradora e o efecto aditivo é moi prexudicial, ademais de pedirlle que consensúe este tema.-

Pedimos os informes que se resolveron no senso solicitado, dicindo que é viable a ampliación da actual EDAR e economicamente a mais factible, a pesar de que Portos de Galicia pon impedimentos, e a ubicación en Sarrido que propón non é mais que aumentar un problema que xa teñen na parroquia de Fazouro.-

Por culpa do seu grupo político levamos catro anos de demora neste tema, pensamos que isto se pode falar con mais calma para chegar a un acordo, o partido socialista ten a man tendida para axudar, podemos tardar dous meses mais, pero penso que é un prazo asumible para poder acadar acordo factible. Podemos arreglar o problema en Foz pero cunha decisión precipitada podemos provocar outro problema nunha parroquia que xa ten unha depuradora en funcionamento Ademais, podemos estar de acordo no primeiro punto pero para os outros dous puntos ímolle votar en contra.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifestando que lle gustaría saber a que vimos aquí hoxe, xa que á Xunta de Voceiros celebráronse, era unha proposta de que se están a facer as cousas dunha maneira participativa pero se non se vota a súa proposta está fora desa participación. Vostede dixo que ía aceptar o que dixerá a Xunta de Voceiros e, así non o fai.-

Vamos votar en contra e a pesar das súas palabras que di que existe un problema grave, efectivamente si que hai un problema de contaminación, pero non é a solución trasladar



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ese problema grave para outro sitio, para que sexa grave noutro sitio. É a nosa responsabilidade procurar que ese problema non sexa grave.-

A EDAR funciona mal non pola súa ubicación, senón pola súa capacidade. Temos unha EDAR que non funciona e recoñécese polos técnicos da concesionaria que non é suficiente.-

A solución non é trasladala para outro sitio, senón atacar de raíz á actual instalación. Os informes non poden garantir a eliminación de molestias pero haberá un pozo de tormentas.-

Procuremos non volver a equivocarnos, e mire a opción pola que UNIFOZ se decantou na Xunta de Voceiros aforra 1.000.000,00 de euros para esa construción. A opción de Sarrido significa 241.000,00 euros máis de custo para os veciños, sería unha subida mais na s taxas de sumidoiros a engadir ao recibo da auga. Outro argumento é que o impacto visual é menos favorable en Sarrido que para a de Foz.-

Temos claro que vostede leva dous ou tres meses pedindo informes direccionados como é o caso do de Portos de Galicia, pero se as zonas portuarias non son os lugares idóneos ¿como é que as permitiron no seu día?.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta que é certo que non é algo novo. Non se lle deu a solución idónea pero o señor alcalde di borrón e conta nova. É unha cuestión de autorresponsabilizarse é que está o problema desde que instalaron nese lugar a depuradora, de modo é irregular con todas as da lei, asegurando que non ía ter ningún problema. Non estaba adecuada e o concello recepcionou esa obra, cando non estaba adecuada ao proxecto ¿por qué?. Teñen que responsabilizarse os técnicos, os políticos déanse conta a depuradora era para 8.000 hab./e non funciona.-

GESTAGUA algo terá que dicir, ten que depurar se está a cobrar unha taxa e non se está depurando, está vertendo ilegalmente dende 2006, entón ¿quén é responsable diso? E a Xunta de Galicia algo terá que dicir.-

Polo tanto este grupo político anuncia, primeiro asumir responsabilidades e senón non vamos votar a favor.-

Segundo resolver problemas estruturais, somos responsables do urbanismo, houbo un desmadre urbanístico terrible, se estivesen todas as vivendas ocupadas entón si que saltaría polos aires a depuradora.-

O Conselleiro estivo catro anos en Medio Ambiente e agora di que hai que resolvelo, agora sae o problema e di que non está no punto de vertido senón na separación de augas residuais das pluviais. Isto si que é un problema aparten e separen as augas pluviais.-

Era Barreiro do PP o que proxectou a actual depuradora.// Xa llo dixemos, non vamos decidir porque o noso grupo somos un só concelleiro, pero son vostedes culpables e os



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

que teñen que demostrar, e vostede señor alcalde o que é capaz de gobernar sen romper a paz social. Cando me demostre que é un bo gobernante e que é capaz de non romper a paz social e buscar a mellor solución enoncesefectivamente.-

A ninguén lle gusta unha depuradora pero non estamos de acordo con esta proposta, hai que conciliar os aspectos técnicos e tamén a os aspectos sociais. Eu vou respectar o que diga este Pleno, claro que si, pero vamos posicionarnos, non estou de acordo coa proposta que trae vostede, vou respectar a decisión do pleno pero vostede ¿Qué pensaba facer? O pleno é o soberano, claro que tamén vai ter a obrigaón de respetala, non amose superioridade.-

O alcalde don **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)** en contestación ás intervencións manifesta:

Eu me fago responsable, e me fago responsable de levala para Sarrido, evidentemente o resultado do pleno é o que é, creo que escoitou mal.-

Vou contestar ao PSOE chamándome mentiroso, a EDAR era o maior problema ou dixo algo parecido, dixo é un dos maiores problemas.-

Extráñame a falta de cordura neste asunto. Xa no ano 2008 senón recentemente, vostedes nas Xuntas de Voceiros non falan para nada de Forxán, esqueceronse completamente de Forxán, nun momento dado propoñen ampliar a EDAR (que ten moitos problemas de cambio normativo de autorizacións de Portos e de cheiros e molestias). Menos mal que cambiaron de opinión ao darse conta que non ían no bo sentido.-

O señor alcalde lee a contestación dada por Portos de Galicia que non autoriza a instalación xa que os usos que inclúen son os de futuro como os deportivos. Non se pode permitir por eso llo di Portos de Galicia, pero vostedes seguen enrocados en ampliála.-

Se fose viable xa llo diríamos pero eso non é o viable. Agora non fala de Forxán, non sei o que ten que dicir agora sobre iso.-

Se queren quitar a EDAR de Foz é o momento, vostedes non queren responsabilizarse é que mo din aquí na nota de prensa que vostedes firman, dando lectura a unha nota de prensa do comentario do PSOE, dicindo que sexa o alcalde o que tome as medidas para que se instale a depuradora e non prexudique ás persoas e non contamine á ría de Foz e en xeral non produza molestias medioambientais, non é competencia do partido na oposición que funcione a depuradora. Dean vostedes solucións e acordémola con valentía.-

O seu problema son as pluviais, pero cando máis cheirou adepuradora foi no verán, porque non choveu e as pluviais arranxaronse cun pozo de tormentas. Se lle parecen pouco as Xuntas de Voceiros celebradas, non se pode dicir que esta alcaldía non vai buscar o consenso, xa que hai unha comisión cada semana.-

Ademais, respecto da aprobación dos presupostos téñolle que dicir que veu o señor Rivera para aproballo, non co voto de vostede señor Basanta.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Ademais UNIFOZ fala de custes, pregúntelle á xente o que lles custou, aos que compraron alí un piso, ao comercio, aos inversores, eses son os custos, os que compraron alí hoxe válelles un terzo do que investiron. Os custes de 241.000,00 euros que vostede di son en vinte e cinco anos e as diferencias entre as opcións son de 10 céntimos por habitante, esa é a diferenza de ampliar a depuradora de Foz respecto de instalar a nova en Sarrido, vostede señor Cancio colle dos informes o que lle interesa. Contradixese nas súas apreciacións de antes e de agora que está noutro partido.-

Hai que decidir señor Basanta, pídlolles que teñamos cordura, que eu me fago responsable, evidentemente, pero decidamos xa que sen vostedes non poden facer nada..

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE)** intervén dicindo que vostede di que é a primeira vez que pretende sacar a EDAR de Foz, cando realmente eso non é así. Xa houbo outra iniciativa nese sentido, nos dicíamos que fora en Forxán.

Creemos que é o momento de buscar o sitio idóneo e entendemos que é a de Forxán e non a de Sarrido por razóns de xustiza social, e ademais pódese incorrer en algún tipo de ilegalidade, (citando a lei de réxime local sobre inxustiza) na que nunha parroquia que xa ten unha depuradora non pode ser obxecto doutra máis. Non nos convencen os seus argumentos, busquemos unha solución alternativa xa que non nos deu opción.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, manifestando que reiteran a opción que UNIFOZ fixo patente, porque é un millón máis barata que a que propón o PP en Sarrido e porque os veciños teñen que soportar douscentos corenta e un mil euros máis.-

O señor Cancio le o escrito de Portos e critica que resulta bastante direccionado. O que vostede intenta e crispas á sociedade con informes e mesas locais de comercio, que é o que lle interesa-

Nos entendemos, e aquí consta polos técnicos que é viable a opción que propuxo UNIFOZ e aí está, como comprenderá teño que dubidar da rigorosidade dese escrito de Portos de Galicia.-

Respecto de augas pluviais, non só falamos de cando chove, senón tamén das filtracións entre redes. Estaríamos bombeando e gastando cartos para depurar neses sitios, cando o importante é separar augas pluviais.-

O problema da actual depuradora non é de ubicación, é do mal funcionamento e é que non está depurando.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifesta que a intimidade cada un ten a que ten, simplemente hai ideoloxías. Claro que hai que facer política e a nosa é contraria á de vostede. O de pluviais ten que dicírllelo ao seu Conselleiro.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Respecto da celebración de xuntas de voceiros, non se trata de facer moitas porque nas últimas os outros dous grupos estaban por ampliar a actual e non respectou a esa maioría. A utilización de órganos e institucións públicas de forma partidaria é gravísimo, como o caso de enviar un correo e lle contesten, hai dous meses que Portos lle deu un terreo en Malpica para construír unha depuradora.-

Me parece ben que faga informes de superar os parámetros de contaminación ¿Se acorda agora?. Que se esixan responsabilidades. ¿Onde están os custes? ¿Onde están os cartos do emisario que non se fixo?. Investíguese, o plan de saneamento de Foz está incluído no Plan que no 2005 xa debería estar feito que é de interese para a comunidade galega que non necesitan de ningún tipo de licenza municipal.-

Facultar ao señor alcalde é o que pide na súa proposta, pero dicimos non o pleno é soberano e se o pleno decide unha cousa esa será a que é e o que o alcalde ten que cumprir.-

O alcalde don **JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)** manifesta que o señor Basanta cuestiona todo estamos falando de enxeñeiros de biólogos, ata cuestiono o informe do secretario que di que mais tarde o mais temprano ten que vir o asunto ao Pleno, se non tivera que vir o alcalde xa o tería decidido.-

Fazouro ten unha depuradora e ademais ten un polígono industrial.-

Entendemos os problemas de Fazouro pero miro polos intereses xerais, xa que en toda a costa non hai sitio menos illado que Sarrido. Fazouro está recibindo os residuos de Forxán.

Sigue falando o señor Cancio de custes, cando estamos falando de 0,10 € /habitantes. Nos da vergonza andar pola zona portuaria como representantes municipais ¿Iso non ten custe?. Voulle ler o que din os comerciantes na mesa local de comercio.-

O señor alcalde le o contido da sesión da Mesa do Comercio Local.-

Non é viable porque Portos non quere, señor Basanta, e díxollelo ao representante do PSOE.-

Déixese de ideoloxías, aquí vimos a facer pobo, aquí temos outros problemas máis graves e fagamos e que teñamos que facer, decidir. Vendo o debate e que os grupos non acordan levala a Sarrido fágolles unha proposta de emenda á proposición, engadindo un cuarto punto que estea no acordo e condicionamento imprescindible que estamos aquí, deste xeito:

Instar a AUGAS DE GALICIA a que elimine a actual depuradora de Fazouro, que esta sexa un punto de bombeo e que vertan na nova en Sarrido.-

Continúa o señor alcalde manifestando, é unha opción que suxeriu o Presidente da Asociación de Veciños de Fazouro, esa é a miña proposta. Loitemos por iso e vexamos o que resolve o pleno, sería unha solución a retirada da depuradora de Fazouro e incluír toda a depuración en Sarrido, e se costa máis é bo para todos. Espero que non se neguen para esto. Con esta condición, non se admitiría sen eliminar a depuradora de Fazouro.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O Voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, **JOSÉ RAMÓN VAL ALONSO (PSdeG-PSOE)** intervén dicindo que estarían de acordo xa que non é unha mala proposición, pero xa que estamos a unha semana do vindeiro Pleno ordinario temos que ter a garantía de Augas de Galicia de que así o faga, esperemos á próxima sesión do pleno sempre que se garanta por AUGAS DE GALICIA de que se pode eliminar ese punto de vertido.-

O Voceiro do grupo municipal UNIFOZ, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, solicitando que cando se dirixa o señor alcalde a este grupo pide que se dirixa a UNIFOZ, sobre todo por respecto ás compañeiras, xa que é ao grupo ao que representan.-

Que inclúa un novo punto e que conste en acta di vostede, a min que conste en acta non é ningunha garantía porque eu dese grupo popular xa aprendín, como exemplo constaba en acta que vostede ía pactar as bases do plan de emprego antes de sacalo e despois non pactou con ninguén, a súa palabra se dilúe e non serve para nada. Púxelle un exemplo claro.-

Intentar facer unha proposta nova respecto de eliminar a depuradora e aínda hoxe non tivo a delicadeza de informar nin fixo ningunha reunión cos veciños de Fazouro, nin cos de Forxán tampouco. Non parece coherente que se vaia tomar unha decisión sobre unha parroquia e que non se conte cos veciños, simplemente por rolda de prensa e agora ven aquí pedindo 7 votos e ten 5, o que lle falta é consenso e talante. O que non vou votar é que segue a variar outra proposta agachada, con este tipo de improvisacións.-

O Alcalde replica a UNIFOZ, consenso non é falar baixo, vostedes non aproban nada, consenso é decisión e dar unha opción a iso.-

O Voceiro do grupo municipal MIXTO-BNG, **XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, manifestando que se abre unha alternativa que non se falou nunca pero eso haberá que falalo e presentalo ante as asociacións. Se hai un consenso social o noso problema está aí pero votalo agora non estou de acordo, eu non podo tomar unha decisión aquí sen consultalo co meu grupo, hai que ter unha mentalidade democrática.-

Consulta ao secretario se no pleno extraordinario se pode incluír outro tema distinto ao que figura na orde do día.-

Para o que contesta o secretario que o ROF permite as emendas ás propostas, xa que logo, o que se pretende non é incluír outro asunto, senón que é unha emenda ao que se está a tratar, é dicir, engadir un compromiso a maiores a unha proposta sobre o mesmo tema, que pode ser plantexado polo alcalde ou por calquera membro da Corporación.-

Por último o señor Basanta manifestou e solicitou facer constar en acta a dúbida que lle asiste da legalidade do engadido que se propón.-

Debatido suficientemente o señor alcalde, trala oportuna deliberación, somete a votación ordinaria a proposta de alcaldía coa emenda que se reflectiu en parágrafos anteriores, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor cinco dos concelleiros/as do grupo municipal do PP.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- Votos en contra oito, un do concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, tres dos concelleiros/as do grupo municipal UNIFOZ e catro do grupo municipal PSdeG-PSOE.-
- Abstencións ningunha.-

Consecuentemente, ao non obter a maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

REXEITAR A PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DATA 5 DE DECEMBRO DE 2012 Á QUE SE INTRODUXO A EMENDA DO APARTADO 4º QUE QUEDA REFLECTIDO, CUXO TEXTO É :

4º INSTAR A AUGAS DE GALICIA A QUE ELIMINE A ACTUAL DEPURADORA DE FAZOURO, QUE ESTA SEXA UN PUNTO DE BOMBEO E QUE VERTAN NA NOVA EN SARRIDO CON ESTA CONDICIÓN, NON SE ADMITIRÍA POLO GRUPO DE GOBERNO SEN ELIMINAR A DEPURADORA DE FAZOURO.-

Concluído o anterior, ás vinte e dúas horas e quince minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde - presidente levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, certifico.-

O alcalde,

O secretario,

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

VICENTE PASTOR MARTÍNEZ